

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ACADEMIA IBEROAMERICANA DE GASTRONOMÍA PARA A EXECUCION DO PROXECTO "GALICIA, CAPITAL IBEROAMERICANA DA CULTURA GASTRONÓMICA SAUDABLE"

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, D. Rafael Ansón Oliart, con DNI 00587048L, actuando en nome e representación da ACADEMIA IBEROAMERICANA DE GASTRONOMÍA (en diante, a AIBG) en calidade do seu presidente, con CIF G91928572, e con domicilio social na rúa Ayala, 45, baixo esquerda (28001) Madrid, debidamente inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co número 614727 de expediente.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.



No exercicio das súas funcións, a esta Axencia correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos. Entre os seus fins están o de promover a oferta turística existente e para isto, considera estratéxico o desenvolvemento dun conxunto de accións de apoio á gastronomía galega que posibilite así a competitividade de Galicia fronte a outros destinos.

A potenciación da nosa gastronomía considérase un factor clave para a redistribución da riqueza, capaz de fomentar o equilibrio entre as diferentes zonas do territorio e permitir dar a coñecer os excelentes produtos que ofrecen a terra e o mar galegos.

Segundo.- Que a ACADEMIA IBEROAMERICANA DE GASTRONOMÍA é unha asociación sen ánimo de lucro, cuxos fins primordiais son a investigación, divulgación e protección das actividades gastronómicas propias das distintas rexións e pobos iberoamericanos.

En cumprimento dos seus fins, a Academia promove o interese xeral en beneficio da gastronomía e o turismo, contribuíndo á mellora no nivel de vida das persoas que integran os pobos iberoamericanos, tendo para iso como obxectivo fundamental o impulsar actuacións en materia de cooperación internacional e solidariedade.

Iberoamérica erixiuse como o berce da cultura gastronómica que reflicte a historia, a cultura e a identidade dos pobos e representa un dos sectores produtivos de maior impacto na economía, particularmente no turismo, polo que se considera que a gastronomía iberoamericana debe ser un dos eixos prioritarios desde o que orientar as propostas de desenvolvemento dos países iberoamericanos.

Que a AIBG, dentro dos seus obxectivos, crea as Capitalidades Iberoamericanas Gastronómicas, a través das cales se outorga un recoñecemento á excelencia gastronómica dun destino dun dos países iberoamericanos que se atopan representados na AIBG e que sexa exemplo da cultura gastronómica iberoamericana.



Que a AIBG acorda por unanimidade e a título honorífico nomear a Galicia "Capital Iberoamericana da Cultura Gastronómica Saudable" (en diante, Capitalidade) nun período a determinar dentro do prazo de vixencia do convenio.

Terceiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, considera de interese xeral para Galicia e especialmente para o sector turístico, cara ao contexto do Ano Santo Xacobeo 2027, difundir a cultura gastronómica de Galicia dando visibilidade á dieta Atlántica-Galicia e a oferta gastro-turística de Galicia, centrando os seus esforzos en situar a Galicia como un destino saudable e sostible enfocando as súas accións cara a sustentabilidade, o rural, a economía circular e a tradición, potenciando a parte educativa e de divulgación.

Cuarto.- Que as dúas partes teñen intereses comúns ao recoñecer o turismo como un dos sectores da economía máis transversais, que inflúe directa e indirectamente en todos os actores estratéxicos da sociedade como consecuencia do seu efecto multiplicador da estrutura económica e social dunha rexión, país ou municipio.

A Axencia de Turismo de Galicia considera que o investimento realizado neste proxecto xerará un efecto positivo directo na economía de Galicia, particularmente para todas as actividades relacionadas co sector turístico, ademais dos beneficios do posicionamento nacional e internacional.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer os termos e condicións polos que se rexerá a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a AIBG para consolidar a Galicia "Capital Iberoamericana da Cultura Gastronómica Saudable", impulsando a comunicación, a colaboración e o intercambio de información entre ambas as institucións, especialmente nas cuestións que afectan o turismo e a cultura



gastronómica, para optimizar a utilización dos recursos dispoñibles e a complementariedade dos plans de traballo a través da realización conxunta de encontros, convocatorias e promocións de espazos dentro dunha estratexia iberoamericana de turismo que xere traballo e promocióne a cultura local e os seus produtos.

Neste contexto, acéptase a designación de Galicia "Capital Iberoamericana da Cultura Gastronómica Saudable".

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a celebración das accións obxecto do presente convenio ascende a un total de **20.000 € (IVE incluído)** que se distribúen deste xeito:

Accións	Importe
Informe Inicial	5.000 €
Elaboración de contidos audiovisuais	5.000 €
Presencia dixital. Promoción e sensibilización	4.000 €
Mesas de traballo e reunións sectoriais	4.000 €
Coordinación do proxecto	2.000 €
Total con IVE	20.000 €

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia, financiará o importe 20.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0, proxecto 2013 00004, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2026.

A achega que fai a Axencia de Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións, cubrirá só o custo de realización da actividade sen que a Asociación obteña beneficio ou lucro industrial algún con esta.

Terceira. Compromisos das partes

A Asociación comprométese a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, e en concreto comprometéndose a:



- Entregar á Axencia de Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizadas.
- Realizar as actividades previstas neste convenio.
- Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, que estarán a disposición da Axencia de Turismo de Galicia para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.
- Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
- A relacionarse exclusivamente por medios electrónicos coa administración en base ao establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia, incluír a marca Xacobeo 27 de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027 e a marca "Galicia Calidade" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Os logos poderán descargarse na seguinte ligazón: <https://www.turismo.gal/marca01>.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Axencia de Turismo de Galicia para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos, disposición adicional cuarta



da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

En relación á capitalidade, a Asociación comprométese a

- Ceder o uso da designación de Galicia "Capital Iberoamericana da Cultura Gastronómica Saudable" da AIBG nos termos do presente convenio.
- Promover, tanto nas canles propias como nos de terceiros aos que se teña acceso, a difusión publicitaria da Capitalidade.
- Darlle seguimento á execución da Axenda de Contidos e Activacións de Galicia "Capital Iberoamericana da Cultura Gastronómica Saudable" determinada en conxunto pola Axencia de Turismo de Galicia e a Academia Iberoamericana de Gastronomía.

A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a:

- Achegar a contía prevista na cláusula segunda.
- Colaborar nas actuacións de promoción e divulgación das accións obxecto do presente convenio, concretamente:
 - Definir os diferenciadores gastronómicos, culturais, de infraestrutura turística e sustentabilidade de Galicia sobre os que se sustentará o contido derivado da Capitalidade, sustentándoos e achegando información vasta e suficiente ao respecto.
 - Impulsar a execución dunha Axenda de Contidos e Activacións de Galicia "Capital Iberoamericana da Cultura Gastronómica Saudable", determinada en conxunto pola Axencia e a Academia Iberoamericana de Gastronomía.
 - Participar activamente nos contidos e activacións que se leven a cabo ao longo da Capitalidade, da forma na que se determine nos convenios de colaboración que se subscriban, e que ademais da temática estritamente gastronómica, farán énfase noutras áreas como a cultura, o turismo, o comercio e a formación. Potenciarase o produto local en Galicia, así como o iberoamericano e o encontro de mercados iberoamericanos. Así mesmo, poderán anunciarse no marco da Capitalidade outras Capitalidades da AIBG.



- Promover, tanto nas canles propias como nos de terceiros ás que se teña acceso, ben por contratación, ou ben por convenio de cesión, da forma na que se determine nos convenios que se subscriban, a difusión publicitaria do evento Galicia "Capital Iberoamericana da Cultura Gastronómica Saudable".

Cuarta.- Resultados conxuntos

Para o caso de utilizar materiais e/ou documentos básicos elaborados conxuntamente polas partes asinantes serán de titularidade e uso común, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, os protexan fronte a terceiros.

As partes asinantes farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da Xunta de Galicia e do medio de prensa e, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte deste convenio.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

Sexta.- Xustificación e pagamento

1.- A achega prevista na cláusula segunda será librada pola Axencia de Turismo de Galicia previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, a través da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio e da publicidade da colaboración da Axencia de Turismo de



Galicia. Do mesmo xeito deberanse especificar as accións promocionais realizadas, campañas e medios de difusión.

- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

Non obstante, a documentación establecida nas letras a) e b) deste punto poderá ser substituída por factura emitida pola entidade á Axencia de Turismo de Galicia polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración. Neste último caso deberá achegar un certificado ou declaración responsable que acredite que o importe facturado non é superior ao gasto realizado de xeito que se garanta a ausencia de lucro para a entidade conveniente.

- Nos supostos de gastos realizados con medios ou recursos propios, documentos acreditativos dos gastos realizados e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

- Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º.- Establecerase un primeiro pagamento correspondente ao informe inicial por unha contía máxima de 5.000 euros. Con esta finalidade, a Asociación deberá enviar unha factura e un informe que defina a situación ao inicio da colaboración.



A contía restante ata o máximo establecido no convenio, unha vez rematadas as actividades, levarase a cabo unha vez xustificada a totalidade do convenio por parte da entidade, que debe facerse coa entrega, antes do remate do prazo de xustificación, da documentación estipulada nesta cláusula.

3º.- O prazo para realizar a execución do obxecto do convenio por parte da Asociación remata o **15 de decembro de 2026**.

4º.- Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade, procederá o pagamento que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

5º.- A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Sétima.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A Comisión concretará as características do programa proposto así como as condicións de financiamento para asegurar a súa viabilidade, dentro da achega máxima a que se obriga a Axencia de Turismo de Galicia coa sinatura deste convenio e establecida na cláusula segunda.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Modificación e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da



aplicación dos principios da citada lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo primeira.- Protección de datos de carácter persoal

1. Tratamento dos datos persoais das persoas asinantes deste convenio.



Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que a AIBG ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPDP respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2. Roles e responsabilidades na protección de datos persoais.

A Axencia de Turismo de Galicia ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados para a xestión e tramitación do investimento obxecto do presente convenio, así como daqueles datos persoais achegados pola entidade beneficiaria para a súa xustificación. A base lexitimadora para o tratamento destes datos será o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento dunha obrigaón legal (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario, a outras Administracións públicas con competencia na materia segundo o



especificado no presente convenio. As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A AIBG comprométese a informar dos extremos anteriores ás persoas cuxos datos achegue á Axencia de Turismo de Galicia para dar cumprimento as referidas finalidades.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Décimo segunda.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa



física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

E, en proba de conformidade, e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Academia Iberoamericana de
Gastronomía

José Manuel Merelles Remy

Rafael Ansón Oliart

